XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL
CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán
Tfno: 886 110 738 Mosteiro, s/n 36740 - Tomiño
Fax: 886 110 739 Email: cep.pedro.caselles@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceppedrocaselles

Anexo VII da PXA 2020-21

Plan de adaptación á situación COVID 19 no curso 2020/2021

CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán

MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICA

1.Denominación do centro, enderezo e teléfonos.

CEP Pedro Caselles Beltrán
B/ Mosteiro s/n
36740 Tomiño
Teléfonos: 886 110 738 e 886 110 737

2. Membros do equipo COVID

Coordinador/a: Alfonso Lorenzo Vila.
Membros: Verónica Mouriño Pérez, Sheila Fontán Vidal.
Será o encargado de coordinar todas as accións e os recursos relacionados coa prevención e actuacións derivadas de incidentes relacionados co Covid-19

3. Centro de saúde de referencia

Centro de Saúde de Tomiño
Persoa de contacto do SERGAS (so para contacto dende o colexio): Mª Mercedes Santos Veira.
986623411

4. Determinación do espazo de illamento COVID e dos elementos de protección que inclúe.

O espazo de illamento será a aula de convivencia, contando con ventilación adecuada, xel hidroalcohólico, papeleira de pedal e panos desbotables.

5. Número de alumnos/as por nivel e etapa educativa.

Curso	Nº de alumnos/as
1ºA	16
1ºB	15
2ºA	15
2ºB	12
3ºA	15
3ºB	15

4ºA	15
4ºB	15
5ºA	17
5ºB	17
6ºA	20
6ºB	20

6. Cadro de persoal do centro educativo

Docentes: 23 mestras e Mestres.
Coidador: 1
Persoal de cociña: 3.

7. Determinación dos grupos estables de convivencia, con asignación de aula, do alumnado, do profesorado que exerza a titoría e os especialistas que impartan a materias ao grupo.

Aula 1ºA:
Alumnos/as: 16
Profesorado que incide:

- Titora: Rosa María Fernández Carrera.
- Inglés e plástica: Dolores Suárez Dopazo.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Lucía Silva Busto.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: María del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 1ºB:
Alumnos/as: 15
Profesorado que incide:

- Titora: Adelaida Vanesa Silva Vicente.
- Inglés e plástica: Dolores Suárez Dopazo.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Alfonso Lorenzo Vila.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: María del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 2ºA:

Alumnos/as: 15
Profesorado que incide:

- Titora: Antonio Durán Coello.
- Inglés e plástica: Dolores Suárez Dopazo.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Lucía Silva Busto.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: Maria del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 2ºB:
Alumnos/as: 12
Profesorado que incide:

- Titora:Lara María Ferreira Hernández.
- Inglés e plástica: Dolores Suárez Dopazo.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Alfonso Lorenzo Vila.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: María del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 3ºA:
Alumnos/as: 15
Profesorado que incide:

- Titora:María de Carmen Lago Abalde.
- Inglés: Dolores Suárez Dopazo.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Lucía Silva Busto.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: Maria del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 3ºB:
Alumnos/as: 15
Profesorado que incide:

- Titora:Esther Vega Seoane.
- Inglés: Margarita Pérez Fernández.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Alfonso Lorenzo Vila.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: María del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias

- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 4ºA:
Alumnos/as: 15
Profesorado que incide:
- Titora: Beatriz Estévez Durán.
- Inglés: Dolores Suárez Dopazo.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Lucía Silva Busto.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: Maria del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 4ºB:
Alumnos/as: 15
Profesorado que incide:
- Titora: Berta Castro González.
- Inglés: Dolores Suárez Dopazo.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Alfonso Lorenzo Vila.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: María del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 5ºA:
Alumnos/as: 17
Profesorado que incide:
- Titora: María Clementina Álvarez Rodríguez.
- Inglés: Margarita Pérez Fernández.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Lucía Silva Busto.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: Maria del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 5ºB:
Alumnos/as: 17
Profesorado que incide:
- Titora: Sheila Fontán Vidal.
- Inglés: Margarita Pérez Fernández .
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Alfonso Lorenzo Vila.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: María del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias

- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 6ºA:
Alumnos/as: 20
Profesorado que incide:
- Titora: Susana Fernández Gavín
- Inglés: Margarita Pérez Fernández.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Lucía Silva Busto.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: Maria del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.

Aula 6ºB:
Alumnos/as: 20
Profesorado que incide:
- Titora: María Del Pilar Garcés Domínguez.
- Inglés: Margarita Pérez Fernández.
- Música: Rosa María Couto Quintas
- EF: Alfonso Lorenzo Vila.
- Relixión Católica: María del Carmen Pérez Bouzada.
- PT: María del Rosario Martínez Núñez
- AL: Isabel Ramos Arias
- Orientación: Patricia Sevilla Sampedro e Verónica Mouriño Pérez.
- Profesora PT aula específica: Mª Carmen Seves Rodríguez

9. Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencias e ausencias.

- Para o alumnado:

As familias contactarán telefónicamente co centro a través de chamada telefónica no 886 110 738 / 886 110 737, para comunicar a ausencia ao centro por sintomatoloxía compatible, e contactarán tamén co seu centro de saúde para concertar unha cita con pediatría. Esta ausencia contabilizarase como xustificada, agás que non haxa posteriormente constancia de información aos servicios médicos

- Para o profesorado:

Comunicaranse co equipo COVID a través do medio máis rápido, xa sexa por chamada telefónica ao 886 110 738 /886 110 739 ou por mensaxería instantánea con algún dos membros deste equipo, neste último caso, insistindo na comunicación ata recibir resposta de ter recibido.

- Para o persoal non docente:

Realizarase do mesmo xeito que co profesorado.

Con carácter xeral as familias deberán entregar no colexio o modelo de declaración responsble que se indica, polo que cada familia se compromente a tomar a temperatura ao seu fillo/a antes de mandalo/a ao colexio, e de non mandalos se presentan calquera síntoma compatible coa enfermidade.

MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dª_____, con DNI número _____, como pai/nai/titor legal do alumno/a _____, matriculado no curso _____, do centro educativo CEP Pedro Caselles Beltrán
DECLARA RESPONSABLEMENTE QUE realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON envialo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.

- se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En _____, a ___ de _____ de 2020.

ASDO. _____

10. Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

Rexistro de incidencias nunca libreta de rexistro destinada a tal fin, onde se recollen os seguintes datos.

Data	Hora	Persoa	Onde se atopaba/curso

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno e con alguna das persoas do equipo COVID. Para a xustificación

da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos país/nais ou titores legais. As ausencias derivadas desta causa Terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

O equipo COVID ten a obriga de segredo profesional sobre os datos os que teña coñecemento por mor da aplicación e do presente protocolo.

11. Procedemento de comunicación das incidencias as autoridades sanitarias e educativas a través da aplicación informática "Educovid".

Dende a Consellería de Educación habilitarase unha canle informática, denominada "EduCovid", específica para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos posibles casos confirmados. A información será accesible para o persoal sanitario que determine a autoridade sanitaria e utilizarase para que o Centro de Seguimento de Contactos alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro. A canle informática subministrará de xeito seguro e con respecto á normativa de protección de datos os seguintes fluxos de información:

- No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado, o equipo COVID do centro incluirá a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os mais próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte e do comedor escolar, os compañeiros do transporte particular no que viaxan varios nenos do centro, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais. O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo SERGAS. A mesma información será remitida cando o CSC, o SERGAS ou a xefatura territorial da consellería de Sanidade solicite información no caso de que exista casos sospeitosos por sintomatoloxía compatible con COVID 19 que estean a ser investigados ou nos que existan indicios de que teñan xurdido no centro educativo.
- No caso de que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) teña confirmación dun caso positivo dunha persoa que sexa alumno/a dun centro escolar ou dun profesional que traballe no mesmo, incluirá a información na aplicación informática onde solo resultará visible para o equipo COVID do centro escolar.
- A base de lexitimación legal para o intercambio de datos ten como fundamento o interese xeral na protección da saúde, polo que os datos do alumnado subministrados con consentimento dos representantes dos menores que obra nas bases de datos da Consellería de Educación poderán ser subministrados á autoridade sanitaria en cumprimento do deber de colaboración.

- O equipo COVID de cada centro ten a obriga de segredo profesional sobre os datos sobre os que teña coñecemento por mor da aplicación do presente protocolo.

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias comunicadas derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

12. Plano de disposición nas aulas de titoría:


6 m
6 m
4ºB
2,3 m
1,5 m
3ºA
2,2 m
1,4 m
1,4 m
8,5 m
9 m
6 m
1,6 m
4ºA
2,3 m
6 m
1,70 m
1,50 m
8,5 m
3º B
2,30 m





Cada aula formará un grupo estable de convivencia, e no caso de traballarse en grupos colaborativos, estes serán sempre os mesmos, e informarase ao equipo COVID da súa composición, duración, e nova configuración da aula.

Neste caso, cada grupo traballará cun distanciamento físico de 1,5 metros respecto dos restantes grupos. Sempre se usará a máscara.

13. Cando o tamaño da aula non permita as distancias mínimas, identificación de espazos ou salas para asignar grupos.

No CEP Pedro Caselles, tal como se reflexa nos planos de aulas, todos os grupos teñen espazo para respectar a distancia mínima.

14. Determinación das medidas para o uso de espazos de PT e AL, departamento de orientación ou aulas espaciais do centro. Modelo de cuestionario de Avaliación de medidas como anexo ao plan

Cando por organización pedagóxica algún alumno sae do seu grupo para traballar nunha aula específica de PT ou AL, seguirase o procedemento que garantice a seguridade.
A profesora especialista recollerao na súa aula, e irá á aula de traballo pola ruta establecida nos tránsitos
O alumnos levará sempre mascarilla, agás que polas súas condicións non sexa capaz de mantela. De todos os xeitos, farase unha hixienización das mans á saída da aula de grupo, igualmente a súa profesora, e tamén na entrada na aula específica.
Utilizarase o material manipulativo necesario para esa sesión, que previamente foi desinfectado.
A aula estará ventilada na medida do posible, e en condicións de frío, polo menos ventilarase ao remate da sesión durante 10 – 15 minutos.
Co remate da sesión de cada alumno desinfectarase os espazos ocupados polo mesmo, así como o material manipulado por el.
Tentarase que os alumnos que sucesivamente visitan unha destas aulas, utilicen material diferenciado.
No caso de AL, haberá na aula un lugar fronte ao espello no que a mestra e o alumno se manteñan separados por mámpara fronte ao espello. Utilizarán pantallas nas actividades desenvolvidas nestas sesións. Sempre coa ventilación axeitada. Haberá un baño de uso exclusivo do alumnado da aula específica.

15. Determinación dos xeitos de realizar titorías coas familias.

As titorías serán concertadas en día e hora polo profesorado titor, dentro dos horarios xerais de titorías no centro.
Procurarase facer na medida do posible titorías on-line, mellor que presenciais.
No caso de titorías presenciais, estas deberán rematar 5’ antes do comezo do período flexible de entrada ao colexio, para poder hixienizar o espazo.
Os posibles lugares de titoría poden ser:
Aula de convivencia
Aulas de titores
En todo caso, estas titorías presenciais noutros espazos distintos da aula de clase, deberán ser solicitados previamente ao equipo directivo.

16. Canles de información ás familias e persoas alleas ao centro (provedores, visitantes, persoal do concello…)

Preferentemente toda a comunicación e información con provedores será a través de medios electrónicos
No caso de presencialidade, serán atendidos na Secretaría do centro, á que accederán dende o portal 1, e en horario que non coincida coa entrada, cos recreos ou coa saída.

17. Uso da máscara no centro.

Obrigatorio en todas as instalacións do centro por parte de toda a comunidade educativa ou para persoas alleas a o centro, pero que acudan a el.

O uso da máscara será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade. Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor. Fomentarase dende o centro a utilización de alxibeira ou "riñoneira" na que poidan levar esa mascarilla, así como un pequeno fraco de hidroxel e panos desbotables.

A obrigación contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que poida verse agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.

Dentro da información a subministrar ás familias o alumnado e o persoal dos centros incluírase a formación precisa sobre o uso correcto das máscaras, a súa duración ou necesidade de lavado e os sistemas de conservación e gardado durante períodos breves de non uso.

Na cartelería do centro existirá unha específica que lembre a formación sobre uso de máscaras.

18. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa.

A vía principal de difusión será a través da páxina web do centro. Habilitarase unha sección específica para este fin

Por esta vía difundirase información sobre as medidas de prevención, de coidado e seguridade fronte a enfermidade, coidando os aspectos:

- O correcto uso da mascara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente, e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón. O lavado realizarase cando menos 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase polo profesorado a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.
- Habilitar dispensadores de xel hidroalcohólico na entrada e en espazos comúns.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica atendendo ás características de cada centro.
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns.
- Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas de hixiene respiratoria:
    - Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas.
    - Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar secrecións respiratorias (esbirrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de

comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.

Medidas de Limpeza

19. Asignación de tarefas ao persoal de limpeza, espazos e mobiliario a limpar de xeito frecuente.

Limpiarase o colexio na súa totalidade unha vez ao día, reforzándoa naqueles espazos que o precisen en función da intensidade de uso, como no caso dos aseos onde será de polo menos dúas veces ao día.

Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos de similares características así como de billas elementos das cisternas e outros dos aseos.

Durante a xornada lectiva unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente e no caso dos aseos de polo menos dúas veces na xornada. En todo caso nos aseos existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.

Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recen preparada ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade. No uso destes produtos sempre se respectarán as indicacións da etiquetaxe.

Logo de cada limpeza, os materiais empregados e os equipos de protección usados desbotaranse de xeito seguro, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

Deberá vixiarse a limpeza de papeleiras, (todas con bolsa interior e protexidas con tapa), de xeito que queden limpas e cos materiais recollidos, co fin de evitar calquera contacto accidental.

20. Distribución Horaria do persoal de limpeza e da alternacia semanal ou mensual de tarefas.

Horario persoal limpeza					
	luns	Martes	mércores	xoves	venres
11:30 a 12:30	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro
12:30 a 13:30	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro	Desinfección da totalidade dos baños do centro

Tarde					
15:30 a 21:30	Limpeza e desinfección da totalidade do colexio	Limpeza e desinfección da totalidade do colexio	Limpeza e desinfección da totalidade do colexio	Limpeza e desinfección da totalidade do colexio	Limpeza e desinfección da totalidade do colexio

21. Material de protección para a realización das tarefas de limpeza.

O persoal de limpeza utilizará vestimenta e calzado axeitados para o traballo. Utilizarán mascarilla e luvas desbotables

22. Cadro de control de limpeza dos aseos.

Diante de cada acceso a aseos haberá un rexistro para anotar segundo este modelo

Limpeza Aseos		
Día	Hora	Quen a realizou

A indicación dun rexistro implicará a desinfección do espazo e a correcta disposición de papel, e xabrón en dispensador.

23. Modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula)

Deben de realizarse tarefas de ventilación frecuente nas instalacións, e por espazo de polo menos 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases, sempre que sexa posible entre clases, e coas medidas de prevención de accidentes necesarias:

- Cando as condiciones meteorolóxicas e do edificio o permitan, manteranse as xanelas abertas o maior tempo posible.
- Débese aumentar a subministración de aire fresco e non se debe usar a función de recirculación do aire interior.
- Cando un profesional presta asistencia no mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) ventilarase a aula ou sala polos menos 15 minutos logo de cada sesión.

Empregarase un formulario como o modelo, que estará na mesa do profesor. Regularmente se entregará na Secretaría do centro para que o arquive o equipo Covid

Ventilacións			
Data	Hora inicio	Hora fin	Quen

24. determinación dos espazos para a xestión de residuos.

En relación coa xestión dos residuos:

- Recoméndase que os panos desbotables que o persoal e o alumnado empregue para o secado de mans ou para o cumprimento da "etiqueta respiratoria" sexan refugados en papeleiras ou contedores con bolsa e protexidos con tapa e, se é posible, accionados por pedal.
- Todo material de hixiene persoal (máscaras, luvas de látex, etc.) debe depositarse na fracción resto (agrupación de residuos de orixe doméstica que se obtén unha vez efectuadas as recollidas separadas)

Nesta liña o centro terá papeleiras con bolsa e tapa accionada por pedal en todas as aulas, cercana ao dispensador de papel.

Material de protección

25. Rexistro e inventario do material do que dispón o centro.

O equipo Covid manterá un rexistro en Excel co inventario de todo o material relacionado coa protección contra o Covid-19, e a súa contabilidade correspondente. Neste rexistro incorpóranse como mínimo os campos da táboa que segue.

inventario material COVID			
Data	Provedor	Material	reparto

26. Determinación do sistema de compras do material de protección.

Unha vez consumido o material subministrado pola Consellería, o centro adquirirá o material necesario para repoñer no mercado de provedores, prestando atención á diversidade de orfertas que nos chegan, e seleccionando en cada caso a que mellor conveña, sempre que cumpla os requisitos de homologación correspondentes.
Por cada compra compararararanse cando menos tres ofertas de provedores diferentes.

27. Procedemento de distribución e entrega de material e da súa reposición.

O equipo Covid asegurarase de ter sempre existencias de mascarillas, xel hidroalcohólico e desinfectante de mobiliario.
Repartirá o número suficiente de mascarillas ao persoal profesional do centro para garantizar unha diaria na súa actividade laboral.
Asimesmo facilitarase un frasco de hidroxel para uso persoal, cuxo contido poderá se reenchido cando se esgote.
Haberá en cada aula, así como nos accesos aos edificios, frasco de hidroxel ou dispensador para a súa utilizacion.
En cada aula haberá tamén un dispensador de papel para limpar, así como un pulverizador cunha solución desinfectante de superficies.
Nos baños haberá tamén unha solución desinfectante lixiviada para utilizar por o profesorado cando o consideren convinte, independentemente da limpeza dos profesionais.
Os frascos de xel, e os de desinfectante reporanse cando o precisen, por parte do profesorado da aula.
O papel dos dispensadores reporase polo persoal de limpeza
Os desinfectantes dos baños reporanse polo persoal de limpeza

Xestión de Gromos

28. Procedemento:

a) No asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de cuarentena domiciliaria ter contacto estreito con algunha persona con síntomas o diagnosticada de COVID-19.
b) Os pais/nais oi titores deben alertar as autoridades escolares e sanitarias se alguen no seu fogar foi diagnosticado con COVID-19 e manter ao seu fillo na casa.
c) En concreto, ante a sospeita de síntomas da enfermidade (febre, tose, dificultade respiratoria…), débese avisar a familia para que recollan ao alumno ou alumna, especialmente. A familia contactará co seu centro de saúde, onde se valorará a situación. Ata a súa valoración, manterase á persoa illada.
d) Se se presentan os síntomas da enfermidade no persoal do centro escolar, estes deberán irse ao domicilio e seguir as mesmas recomendacións.

e) Cando un/a neno/a ou docente dé positivo na Covid-19, contactarase inmediatamente coa autoridade sanitaria para valorar o médico xunto co Director do centro o grao de exposición dos demáis, considerando os contactos estreitos, segundo marque o protocolo sanitario vixente, que neste momento defínese como as persoas que permaneceron máis de 15' a menos de 2 metros e sen mascarilla. Informarase a través da aplicación EDUCOVID e tamén polas vías que demanden as autoridades sanitarias, para que procedan as actuacións correspondentes. Co fin de axilizar, dende o centro, o equipo COVID contactará coas familias afectadas para informalos.
As familias cubrirán un documento responsable que indique a revisión diaria do alumnado que non presente síntomas compatibles co coronavirus nin estivo en contacto con ningunha persoa afectada.
No caso de que algunha familia non entregue este documento, adoptaranse no centro medidas preventivas máis específicas con este alumno, como a toma de temperatura á entrada.
Ante unha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

a) Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de covid ata a recollida da súa familia. Está disporá da adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo do covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
b) A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:
    1. Obligatoriedade de utilización de máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
    2. De forma excepcional e no caso específico de que o alumnno teña unha exención para o uso de máscara por xustificación médica... a persoa acompañante usará unha máscara FFP2 sen válvula, ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable.
    3. Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa COVID-19 os restantes casos agardarán acompañados por unha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro deberá dispoñer dun stock deste material de protección para as situación nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

29. Determinación das responsabilidades do equipo COVID para a comunicación ás autoridades.

Alfonso Lorenzo Vila: responsable de realizar as comunicacións das incidencias á autoridade sanitaria e educativa, e coordinador do equipo.
Verónica Mouriño Pérez: responsable da xestión de existencias de todo o material relacionado coa prevención e seguridade.
Sheila Fontán Vidal: responsable da difusión, información e formación sobre o tema.

Establécense como suplentes dos tres membros, respectivamente, a :
Lucía Silva Busto
Mª del Rosario Martínez Núñez
Esther Vega Seoane

Xestión das peticións de supostos de vulnerabilidade.

30. Canle de petición das solicitudes, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

As solicitudes de vulnerabilidade realizaranse por parte dos profesionais do centro a través do procedemento establecido no protocolo de referencia, utilizando os formularios que nel se adxuntan.

Medidas de carácter organizativo

31 Determinación de entradas e saídas, organización das mesmas con horarios de ser o caso. Regulación da entrada de acompañantes do alumnado.

Entrada ao recinto

Plano do recinto cos diferentes accesos:



Momento previo á entrada

Meteoroloxía boa

O alumnado agardará no patio mantendo as distancias de seguridade, e con mascarilla, procurando evitar especialmente xuntarse con alumnado doutros cursos ou grupos. Cada grupo dentro do seu recinto (un por curso).
Os que veñen transportados accederán en filas mantendo unha distancia suficiente (cando menos un metro e medio), ata entrar no recinto, evitando aglomeracións na zona próxima á entrada. Deben dispersarse no patio o máis posible. Para iso habilitaranse zonas concretas para cada curso.
Alumnado que acude polos seus medios: para evitar máis riscos, os pais/nais non poderán entrar no recinto acompañándoos, e deberán deixar que entren os seus fillos á zona dos seus compañeiros de clase cunha antelación máxima de 10' antes da hora de entrada.
Contaremos con máis profesores de atención nestes momentos, sendo 8 cada día, que se situarán próximos ás zonas de cada nivel, e nas dúas entradas do recinto.
O resto do profesorado, especialmente os que teñen docencia na primeira sesión, están pendentes de recibir ao alumnado na entrada das aulas para asegurarse de que cumplan os protocolos de separación na fila, e de desinfección de mans antes de entrar.

Días malos

Cando teñamos choiva non poderemos agardar no patio, e tampouco concentrar ao alumnado no corredor de abaixo.
Por tanto, deberemos conducir ás súas aulas ao alumnado directamente, conforme cheguen ao recinto.
Dos 8 profesores de garda, os dous de portas quedarán fóra conducindo ao alumnado á súa entrada correspondente, e os outros 6 estarán dentro do edificio vixiando que o alumnado cumpla os protocolos de distancia polos corredores, de desinfección de mans antes de entrar, e de que permaneza sentado no seu pupitre antes da chegada do profesor/a da primeira sesión.

Entrada a clase

Para evitar concentracións, estableceranse unhas rutas de acceso ás clases, que deberán ser respectadas en todo momento.

Primeiro e segundo:

Accederán ao recinto ordeadamente en fila pola porta diante de Secretaría. Faranse filas respectando a distancia de 1,5 metros, ordeadamente cada grupo de alumnos: 1º A, 1º B, 2º A, 2º B. Entrarán á orde dos profesores/as que estaban de garda na súa zona, que os acompañarán para asegurarse de que entran na aula, realizan os protocolos oportunos, e permanecen sentados no seu pupitre. Os mestres da primeira sesión serán especialmente coidadosos de acudir dende o primeiro momento co alumnado.
Dende 5 minutos antes comezariamos a facer a entrada ao recinto ordenadamente. O mestre asignado ao seu nivel, levará aos dous cursos en fila mantendo o 1,5 m de distancia.



Terceiro e cuarto:

Entrarán pola porta de servicio do comedor ordeadamente, 3º A, 3º B, 4º A e 4º B. Subirán á planta superior polas escaleiras máis próximas á saída do comedor, utilizando o tramo de subida sinalado convenientemente. Acompañaranos os dous profesores de garda que estaban con eles, e asegurararanse de que cumplen os protocolos de entrada á aula, limpando con xel as mans, e sentándose no seu pupitre. O profesorado da primeira sesión terá especial coidado de acudir con rapidez para facerse cargo do grupo.



Quinto e sexto:

Entrarán pola porta próxima ao ximnasio, ordeadamente e tamén respectando as distancias de 1,5 m. Entrarán por cursos: 5ºA, 5ºB, 6ºA, 6ºB e irán acompañados polos dous profes de garda que estaban con eles. Asegurararanse de que a entrada é ordeada e de que cada alumno cumpla o protocolo. Os profesores da primeira hora acudirán con rapidez para facerse cargo do grupo.



Alumnado que chega tarde:

Manterase o procedemento ordinario de entradas. O alumno accederá pola súa porta correspondente, e será o profesor da primeira sesión o encargado de rexistrar a impuntualidade. O alumnado de 1º e 2º curso será acompañado ata a súa aula por un profesor de garda.

Salvo razóns xustificadas ou relacionadas con procesos administrativos, ou cando a presenza sexa requerida polo propio centro, non se permite a entrada dos pais no centro educativo.

32. Determinación das portas de entrada e saída, e das circulacións no centro.

Existirán tres portas de entrada e saída, con sinalización mediante frechas no chan indicando o sentido da circulación entre os espazos.
1º e 2º nivel realizarán a entrada e saída pola porta Sur
3º e 4º nivel realizarán a entrada polo comedor
5º e 6º nivel realizarán a entrada pola porta Norte

As saídas de 1º e 2º nivel sempre pola porta Sur.
As saídas de 3º, 4º, 5º e 6º que non utilicen servizo de comedor, realizarán a saída pola porta Sur.
As saídas de 3º, 4º, 5º e 6º que utilicen servizo de comedor, realizarán a saída pola porta do comedor.



33. Previsión sobre a colocación de cartelería e sinaléctica no centro

En todo o centro haberá cartelería e sinaléctica que recorde tanto as normas e hábitos correctos, como a circulación ou o uso regulado dos baños

34. Determinación sobre a entrada e saída do alumnado transportado e non transportado.

Entrada

O alumnado transportado entrará pola porta de entrada dos buses (portal 3) gardando a distancia de 1,5 metros e unha vez dentro do centro irán colocándose dentro do seu recadro do curso correspondente. Considérase tamén os que veñen co camiño escolar como transportados por bus.
O alumnado que ven polos seus medios propios (pais que os traen) accederán ao recinto polo portal 1, non permitindo aos seus pais acceder. Irán á súa zona de espera para a entrada, ou no caso de choiva, directamente ao centro pola porta que lles corresponda.

Saída

Para os que non se quedan no comedor:

Os que saen ao remate da xornada lectiva sen quedarse no comedor farano pola porta Sur do edificio educativo, e seguirán o traxecto indicado na imaxe para saír do recinto polo portal 1.

Saída 14:40 sen comedor



Para os que comen no comedor:

De 1º a 2º de primaria o alumnado sae polo centro do colexio collendo as súas mochilas nas estanterías de enfrente cociña 2º primaria e no pasillo central 1º de primaria, saíndo coas coidadoras 1 e 2 pola porta do colexio que da a secretaría.

A coidadora 1 acompaña ao alumnado que vai para casa seguindo as frechas do sentido inverso do reloxo detrás de secretaria, estando o alumnado distanciado e os pais fóra do recinto escolar ao longo da entrada ao centro.
A coidadora 2 acompaña ao alumnado de 1º e 2º de primaria ao bus.

No comedor pequeno quedará a encargada de comedor para atender ao alumnado que queda na biblioteca escolar ou vai a actividades extraescolares.

Saída comedor 1º e 2º para os buses



Saída comedor 1º e 2º que recollen pais



O alumno transportado de 3º a 6º de primaria sae do comedor polas portas laterais do comedor de arriba. A Coidadora 3 estará na porta de saída do comedor e a coidadora 4 estará na porta de saída dos buses.

A coidadora 5 sairá co alumnado que vai para casa de 3º a 6º.

De 3º a 6º de primaria o director vai chamando mesa a mesa de 4 en catro nenos para que se levante, recollan a súa mochila que está ao lado da súa mesa, e vaian saíndo polas portas laterais do comedor 2.

- O alumnado transportado sae pola porta dos buses e acude ao seu bus correspondente.

- O alumnado de camiños escolares espera coa coidadora 3 que está na porta exterior do comedor separados entre eles para sair unha vez que marchen os buses.
- O alumnado que queda no centro ou vai a algunha actividade queda custodiado pola encargada do comedor, no comedor de abaixo e no comedor de arriba polo director.
- O alumnado de 3º a 6º que vai para casa sae coa coidadora 5 unha vez que sairon todos os alumnos/as do comedor de forma ordeada e con distancia.

Saída comedor 3º,4º,5º e 6º para os buses



Saída comedor 3º,4º,5º e 6º para os que recollen



35. Asignación do profesorado encargado da vixilancia.

Entradas

Cada mañán haberá 8 docentes no patio, 6 coidando das cuadrículas de aula e 2 nos portais de entrada.

Saídas

Os docentes que teñan clase a última hora se encargarán de estar coordinados coa súa parella de nivel. Así un quedará co alumnado que vai lavar as mans ao comedor e outro sairá co alumnado de nivel por detrás de secretaría para devolver o alumnado ao seus pais/nais que estarán agardando na acera enfrente a secretaría.

Medidas en relación coas familias e Anpas.

36. Previsión en relación co programa de aula matinal.

A aula matinal desenvolverase na dependencia da ANPA en tanto non se supere o número de 12 usuarios. No caso de superar ese número, trasladaríase ao comedor 1
Funcionará tal como se contempla na PXA, todos os días lectivos de 8:00h a 9:30 h.
A coidadora e o alumnado usuario deberán respectar todas as normas de prevención que se aplican no colexio:
uso de mascarilla en todo momento
hixienización de calzado e mans á entrada e de mans á saída
Hixienización de mans despois de utilizar o baño, e desinfección do mesmo por parte da coidadora.
O alumnado usuario deberá manter sempre orde e separación suficiente con relación aos outros usuarios.
O posible material que utilicen na aula será únicamente de uso individual, non permitindo compartir ningún material.
No caso de que traian alimentos para tomar, farano con toda a prevención, sentados no seu lugar (convenientemente protexido por mamparas).

37. Previsión para a realización de actividade extraescolares fóra da xornada lectiva ou posteriores ao servizo do comedor.

Coa finalidade de evitar demoras, as posibles actividades extraescolares que se poidan desenvolver no centro comezarán ás 15:30, hora de remate do comedor.
Non se permitirá establecer dúas quendas dunha actividade, xa que o espazo utilizado debería ser desinfectado e ventilado, e non habería garantía suficiente.
O número de participantes en cada actividade dependerá do aforo do espacio a utilizar. Tomando como referencia que nos espazos pechados tipo aulas o aforo máximo é de 20 alumnos, e dado que se trata de grupos de diferentes “burbullas”, reducirase un 50% o aforo máximo, quedando neste caso en 10.
Os monitores destas actividades responsabilizaranse do cumprimento das normas xerais deste protocolo, para o que previo ao inicio da actividade, faraselle entrega do mesmo, e asinará un compromiso de responsabilidade.

As actividades extraescolares que se realizarán no centro escolar serán pospostas para o mes de xaneiro.

38. Determinacións para as xuntanzas de Anpas e Consellos escolar.

As xuntanzas deste tipo faranse preferentemente a través de plataformas virtuais.
No caso de ter que facerse de forma presencial, faranse na medida que o permita a climatoloxía en espacios exteriores, e como alternativa, en lugares amplos como o ximnasio ou o comedor que permitan unha mellor renovación do aire.

39. Previsión de realización de titorías e comunicación coas familias.

Priorizaranse citacións telématicas ou telefónicas como medio habitual. Excepcionalmente e baixo argumentación xustificada, realizarase de xeito presencial. Sempre que o mestre/a titor/a o estime oportuno e cunha citación previa.

40. Normas para a realización de eventos.

-Con carácter xeral non se realizarán eventos no centro se non se poden garantir as medidas de seguridade adecuadas.
- Os eventos que se leven a cabo deberán manter o aforo do 50% nos espazos pechados e unha distancia de 1,5 metros entre persoas, sempre co uso das máscaras, evitando o contacto e obrigando o uso de xel hidroalcólico nas entradas e saídas.
- Priorizarase o acceso ordeado ao espazo, evitando aglomeracións, podendo establecer diferentes horarios de entrada para evitar solapamento.
- Se o tempo o permite procurarase o uso de espazos ao aire libre para a realización de actividades deportivas, celebracións e outras actividades extraescolares que as súas características particulares o permitan.

Medidas para o alumnado transportado

41. Establecemento de medidas de entrada e saída dos vehículos no centro educativo, establecemento dun espazo de espera para o alumnado transportado. Criterios de ser o caso de priorización do alumnado para o uso do transporte.

O alumnado transportado deberá estar en todo o momento con mascarilla, dende que chega á parada a agardar o bus, ata que accede ao recinto escolar.
No bus ocupará sempre a mesma praza, e a persoa coidadora do bus procurará optimizar a capacidade de prazas en función do número máximo de alumnos transportados.
A entrada ao bus e a posterior saída farase ordeadamente, respectando as distancias de seguridade, e actos de indisciplina neste sentido poderán ser sancionado mesmo coa perda temporal do servicio de transporte.
Os alumnos transportados á chegada ao centro, e no momento de agardar á entrada, estarán nos seus espazos asignados agrupados por clases.

Medidas de uso de Comedor

42. Establecemento de quendas para o uso de comedor. Determinación dos lugares ocupados, polos comensais.

Polas características físicas dos espazos de comedor, así como as dificultades de organización alternativa por quendas, no centro realizarase o servicio de comedor nunha única quenda, que coidará a seguridade coas seguintes medidas:
O acceso ás dúas salas de comedor será secuenciado e por grupos clase, que ocuparán nas mesas espazos asignados permanentemente, e en zonas diferenciadas do comedor, separadas das outras zonas cando menos por 1,5m.
Cada mesa poderá ser ocupada por catro comensais, asignaranse grupos fixos durante todo o ano para o alumnado e garantirase a estanqueidade entre eles. Instalaronse mámparas de 0,60 de altura cruzadas que delimitan catro espazos diferenciados.
Ubicarase o alumnado nas mesas tendo en conta a súa ubicación na aula (os que na aula están próximos, tamén poderán estalo no comedor)

A comida será servida en bandellas integrales, con todo o servicio incorporado. Estas bandellas foron empratadas previamente polo persoal de cociña e cubertas cunha tapa protectora. Soamente se completará o servicio de cada bandexa cando se trate de sopas, que se servirán directamente na mesa, con xarras para tal fin.

A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre a mesma persoa. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesaa etc.
A saída do comedor tamén será secuenciada e gradual, fixándose dúas saídas diferenciadas para os dous comedores.

Os docentes que teñan clase a última hora se encargarán de estar coordinados coa súa parella de nivel. Así un quedará co alumnado que vai lavar as mans ao comedor e outro saíra co alumnado de nivel por detrás de secretaría para devolver o alumnado ao seus pais/nais que estarán esperando na acera enfrente a secretaría.

Ás 14:25

1º e 2º lavarán as mans na zona do comedor, deixarán as súas mochilas 1º no pasillo central e 2º no pasillo enfrente a os lavabos. e sentaranse nun sitio fixo no comedor.

3º de primaria lavaran as mans no pasillo de terceiro, baixaran as mochilas sentaranse no seu lugar correspondente e colocarannas na estantería ao lado da súa mesa.

Ás 14:35

4º de primaria lavaran as mans na zona de terceiro e cuarto e deixaran as mochilas na estantería ao lado da súa mesa

5º lavaran as mans no pasillo de 5º, baixaran as mochilas, deixaranas na estanteria ao lado do seu posto fixo.

6º lavaran as mans na zona do comedor, baixaran as mochilas, deixaranas na estanteria ao lado do seu posto fixo.

Todo o alumnado ten un posto fixo no comedor, separado por policarbonatos do resto dos integrantes da mesa (4 por mesa), as bandexas onde se vai repartir a comida tamén están numeradas polo que cada día comen no mesmo posto e coa mesma bandexa.

O alumnado de 3º a 6º ten estanterías para colocar as súas mochilas ao lado da súa mesa.

43. Previsión sobre o persoal colaborador, tendo en consideración que debe de ser o meso durante as diferentes quendas.

O centro disporá de 5 coidadoras, que se distribuirán asi:
Coidadora 1º encargada de 1º primaria.
Coidadora 2 encargada de 2º primaria.
Coidadora 3 encargada de 3º de primaria
A coidadora 4 encargase de 4º no lavado de mans da zona de 3º e 4º.
coidadora 5 encargada de 5
As docentes baixan o alumnado de 6º ao lavado de mans na zona do comedor e a Coidadora 2 volve ao lavado de mans cos de 6º

44. Previsión sobre o persoal de cociña e a limpeza da mesma.

En cociña traballando un cociñeiro e dous axudantes,
Previa a entrada no comedor dos alumnos, realizarán a súa comida, así como as coidadoras do colexio.
Antes de que entren ao comedor os primeiros alumnos, deberán ter emplatadas as bandexas e colocadas nos carros para que conforme vaian ubicándose os alumnos, poidan ser servidos polas coidadoras, que lles colocarán a bandexa na mesa e retirarán a tapa. Se é preciso, un dos cociñeiros estará na parte exterior do office realizando estas tarefas de colocación nos carros.
No remate do servicio, o persoal de cociña deberá recoller o material e proceder ao seu lavado e desinfección, así como os espazos de comedor.

Medidas específicas para o uso doutros espazos.

45. Realizaranse as previsións que sexa precisas noutros espazos do centro tales como aulas especiais (música, inglés, …) ximnasio, pistas cubertas, ou calquera outro espazo de uso educativo. As previsión incluirán as normas de uso e limpeza.

1º: Os servizos de secretaría priorizarán a atención telefónica e /ou telemática.

- A protección das persoas debe primar sobre as xestións e trámites a realizar.
- Frecuente hixiente de mans en cada actuación administrativa
- Dixitalizar ao máximo o número de procesos para evitar a manipulación de documentos en formato papel.
- Sinalización dos fluxos de entradas e saídas

2º Sala de mestres/as:

- Con caracter xeral as reunións serán de carácter telemático. No caso de levala a cabo, se limitará na medida do posible o número de asistentes
- Limitación de persoas externas ao centro

3º Aula de música:

- Aumento da distancia de seguridade nas actividades de danza ou canto.
- Evitar na medida do posible o uso de instrumentos de vento. De empregalos realizar unha separación mínima de 3 metros
- Limpeza e hixiene dos materiais despois de cada uso

4º Aula específica:

- Adaptar a iconografía ás características persoais do alumnado
- Nos casos de alumnado con maiores dificultades, os docentes deben priorizar as medidas de seguridade como uso da pantalla ademais da máscara, entre outras.

- O material empregado procurarase que sexa o máis individual e intransferible posible.

5º Aula PT e AL:

- As recomendacións do apartado anterior poden extenderse a este apartado.

6º Sanitarios:

- Promoverase o uso individual na medida do posible.
- Os grifos serán exclusivamente para o lavado de mans, prohibido beber deles.
- Establecerase iconografía adecuada as normas de uso e hixiene.
- Realizaranse a limpeza dos mesmos en horario lectivo, alomenos dúas veces durante a mañá.

7º DO:

- Na medida do posible será de uso exclusivo do departamento de orientación.
- Estableceranse as medidas de distanciamento e hixiene necesarias en caso de reunións coas familias ou alumnado.
- No caso de contacto necesario con persoas externas ao centro, priorizarase realizala a través de medios telemáticos. En caso de non ser posible esta opción, levarase a cabo a reunión co menor número de persoas posibles e o menor tempo posible. Antes da entrada ao centro, explicaranse as normas de seguridade necesarias.

Nas aulas

Con criterio xeral, haberá que procurar manter unha ventilación adecuada das aulas, que permita a renovación de aire. Esta ventilación será máis importante, durando cando menos 5', nas aulas con cambio de alumnado: Inglés, Música, Relixión, A.L., P.T…
Todas as aulas disporán dun material específico de hixienización: bote de xel hidroalcohólico, bote de líquido desinfectante homologado, panos de papel desbotables, papeleira con tapa de pedal.

Aula de titoría

Procurarase simplificar o mobiliario ao necesario para facilitar a hixienización da aula así como permitir o maior distanciamento.
Establecerase a disposición de pupitres que máis favoreza o distanciamento social, evitando o enfrontamento próximo entre alumnos, agás que haxa barreiras de protección. As aulas disporanse segundo os esquemas dos planos adxuntos en anexo.
O profesor disporá en todo momento dun equipo persoal de hixiene: bote hidroxel, panos desbotables.
Nas aulas onde haxa pileta (aula inglés 1º e 2º ciclo), farase un lavado de mans para aproveitar o espacio.
Na entrada da aula haberá un bote de hidroxel para a desinfeccion de mans en todas as entradas e saídas da mesma, así como panos desbotables de papel.

A colocación da roupa de abrigo nas perchas terá que facerse de maneira ordeada, evitando aglomeracións. Asignaráselle unha percha a cada un deles para minimizar o risco.
O material de traballo de cada alumno estará preferentemente no pupitre do alumno, e en todo caso, en estanterías con espazos individualizados para cada alumno/a.

Cada alumno/a terá o seu material de traballo no seu propio estoxo, prohibíndose calquera uso compartido.
Nas pizarras blancas, se non teñen o seu propio rotulador, deberán hixienizar o rotulador usado previamente e despois do seu uso.
Durante a sesión lectiva, especialmente a partir de terceiro curso, non se permitirá levantar do sitio ata que corresponda, ou sendo por causa xustificada.
O uso de material compartido como os ordenadores de aula, deberá estar condicionado a unha hixienización previa e posterior, para a que o titor ou profesor nese momento asegurarase de que se fai correctamente.

Aulas de especialistas

Para contribuír ao concepto de aulas burbulla, nas aulas de especialidade haberá que extremar a prevención, para o que adoptaremos as seguintes medidas:
A educación física daranse as dúas sesións consecutivas.
Na área de música e relixión, por ser unha única sesión semanal, poderán utilizalas facendo unha desinfección e limpeza entre dúas sesións.
Nas especialidades de inglés, para evitar a ocupación dese espacio por moitos grupos nunha xornada, combinarase a sesión na aula específica, con sesións na aula ordinaria, co obxeto de que non coincidan dúas sesións contíguas na aula específica con grupos distintos.
As sesións en aulas de especialistas, que serán utilizadas por distinto alumnado, deberán seguir uns procedementos especiais de coidado.
Disporase os postos escolares da maneira máis eficaz para facilitar o distanciamento, tal como se contempla nos planos. Tamén se asignará un posto fixo a cada alumno/a.
Haberá dispensador de xel e panos de papel na entrada para realizar a protocolaria desinfección á entrada.
O alumnado situarase na súa plaza asignada, e non se moverá dalí ata que a profesora ou profesor lle-lo indique.
Calquera material que empregue deberá ser desinfectado previamente, así como logo do seu uso.
Unha vez rematada a sesión, haberá que facer unha ventilación e desinfección do lugar ocupado e material empregado, para o que o profesor terá organizado o procedemento para pulverizar pupitre e silla, así como material, e secalo con pano desbotable, cando non sexa posible realizar esta limpeza por persoal profesional.

Ximnasio

A actividade de Educación Física farase únicamente para un grupo no ximnasio. Este grupo será o que utilice os vestiarios, nos que deberán ter especial atención ao mantemento da distancia. Disporán de botes de hidroxel no acceso ao vestiario dende o ximnasio, e cando entren dende fóra, deberán lavar as mans con auga e xabrón.
O material que poña a disposición o profesorado será o indispensable para cada sesión, que previamente foi hixienizado. Unha vez rematada a sesión volverá a hixienizarse, xunto cos bancos laterais do ximnasio.
Unha vez rematada a sesión lectiva, os vestiarios e baños serán hixienizados por persoal de limpeza antes do acceso dun novo grupo.
Por coincidir con grupo no ximnasio, o grupo que teña Educación Física sen esta instalación fará a sesión no patio, no lugar determinado polo profesor, sempre que a climatoloxía o permita.
Neste caso non poderá utilizar o vestiario, usando os baños da zona ao remate da sesión para o seu aseo. Para isto haberá que volver á aula con tempo suficiente para organizar gradualmente o aseo persoal.

No caso de que a climatoloxía non o permita, realizarase a actividade na propia aula de titoría, utilizando na medida do posible medios dixitais para afondar nos coñecementos correspondentes da área.
En toda a actividade de Educación Física consideraranse propostas que non comprometan a seguridade, e terase en conta a necesidade de levar mascarilla que dificulta a respiración do alumnado.

Aula específica

O alumnado usuario desta aula será atendido por parte do profesorado e coidador tendo en conta as súas circunstancias específicas, procurando habitualos nas medidas de prevención: uso de mascarilla, evitar contacto físico directo cos outros alumnos ou con profesionais. realizarase unha desinfección do material utilizado despois da sesión de traballo.
Os mestres e coidador disporán de pantallas protectoras para cando o precisen.

Aula de AL

Polas súas cararterístacas o profesorado contarán cunha pantalla e haberá un policarbonato polo medio.

No edificio administrativo

Espazo común

Respectaranse as medidas de distanciamento social, uso de mascarilla, e desifección de mans na entrada e saída neste recinto.
O profesorado, no seu tránsito á sala de profesores ou outras dependencias, farase responsable do menor contacto posible con ningún obxecto (pasamáns, , e en todo caso, terán á súa disposición dispensadores de xel tamén na sala de profesores, na Secretaría ou noutros espazos deste lugar.

Secretaría

É o espazo de traballo habitual do equipo directivo, e o acceso a este lugar está condicionado á estricta necesidade (consultar nos expedientes, recoller algún material, consultar coa Dirección…). O uso da fotocopiadora estará limitado por parte do profesorado a unha necesidade puntual, tendo que utilizar a fotocopiadora da Sala de Profesores ou a do corredor da planta superior. No caso de ter que utlilizala, cada profesor distinto do E.D., terá que desinfectar posteriormente ao seu uso os elementos cos que tivo contacto.

Sala de profesores

Na Sala de profesores haberá asignados lugares propios para cada profesor na mesa de reunións, que ocuparán nas distintas xuntanzas ou momentos de traballo.

Terán á súa disposición bote de desinfectante para limpar os lugares previamente á súa ocupación.
Cando utilicen os ordenadores, utilizarán preferentemente sempre o mesmo, agás que estea xa ocupado, e desinfectaranos despois do seu uso. Para facilitar este control, empregarase sinaléctica de tipo semáforo, que indica que cada posto está desinfectado antes do seu uso.
Para permitir o uso de equipamentos persoais, facilitarase a instalacións dos drivers de impresión nos equipos persoais que o soliciten, para poder imprimir os diferentes documentos nas fotocopiadoras do centro.

Zona exterior próxima á Secretaría

Este é un espazo de moito tránsito, tanto de alumnado, como de profesionais do centro e tamén de familias e provedores.

Por este motivo daráselle un tratamento específico de desinfección con pulverización pola tarde, no momento da limpeza xeral, e tamén durante a mañá, nun momento en metade da xornada lectiva.

No edificio educativo

Corredores e espazos de tránsito

Independentemente do establecido nas aulas, os corredores e espazos comúns do edificio recibirán un tratamento baseado en establecer rutas de tránsito definidas, separación de sentidos de uso nas escaleiras, e redución máxima dos elementos susceptibles de ser manipulados polo alumnado.

Establecerase unha sinaléctica clara para os tránsitos, como se indica nos planos anexos, e definiranse os lugares de colocación de material persoal (abrigos, mochilas…), que serán sempre persoais e únicos para cada alumno.

As tres entradas e saídas do eficio estarán sinaladas para diferenciar no posible a entrada e saída, especialmente nas dúas portas principais.

Nos accesos aos baños, definido o número de usuarios máximo (⅓ do seu aforo), utilizaranse semáforos de acceso por cada praza de uso, tanto para nenos como para nenas, que se colocarán á entrada do mesmo, coas correspondentes liñas de separación no chan para o caso de ter que agardar cola.

Biblioteca

Haberá unha normativa específica para o uso da biblioteca, que en todo caso responderá a estes criterios:

Aforo máximo de 21 persoas no caso de grupos burbulla, e de 11 (incluído profesor) noutros casos.

Maior distanciamento entre as prazas ocupadas polo alumnado.

Procedemento específico para a manipulación de libros que poña en carentena os exemplares manipulados ou devoltos.

Desinfección dos espazos de ocupacion entre cambios de usuarios.

Medidas cautelares específicas durante os momentos fóra de clase

No tempo de recreo

Para minimizar os riscos no tempo de recreo, e permitir que o alumnado poida disfrutar deste momento, estableceranse dúas quendas de recreo, a primeira para o alumnado de 1º, 2º e 3º, e a segunda para alumnado de 4º, 5º e 6º.

Establécense diferentes zonas de xogos no recreo, tal como se contempla no plano, que cada día ocupará un grupo de alumnos/as de forma rotatoria.

Grupos específicos durante o recreo:

Nos casos de actividade do grupo ecolóxico, dos voluntarios da biblioteca ou doutros grupos que operan no recreo, formado por alumnado de diversas clases, estes grupos serán reducidos, ata un máximo de 10, e extremarán as precaucións de seguridade: lavado de mans frecuente, mascarilla, e non compartir obxectos manipulables.



Tránsito entre aulas e espazos

Cos cambios de clase, cando o alumnado teña que cambiar de aula, agardarán sentados no seu pupitre a que lles dean instrucións para proceder a levantarse, que será ordeadamente.

Nas filas respectarán a distancia de seguridade e utilizarán todos o itinerario establecido. Farase desinfección de mans na entrada da nova aula, e entrarán ordeadamente a ocupar o seu lugar.

Unha vez rematada a sesión, e dado que se trata dunha aula compartida, procederase a desinfectar cada pupitre con producto axeitado e papel desbotable. O alumnado colaborará nesta tarefa. Deberá desinfectarse mesa, silla, e materiais usados na sesión.

Uso de material de educación física.

Para garantir un menor risco, o material que se empregue nas sesións de educación física responderá ás seguintes características:

Procurarase minimizar o número de obxectos a manipular

Para cada sesión de educación física, disporase dun material previamente desinfectado e procederase á súa desinfección no remate.

O material deportivo que se poña a disposición nos recreos, estará en contedores diferenciados para cada grupo, e tamén terá que ser desinfectado previa e posteriormente ao seu uso.

Distribución e uso dos aseos:

Durante a xornada lectiva, estarán definidos os aseos por grupos, de xeito que haxa unha menor diversificación de usuarios en cada un deles.

Na planta baixa o aseo de 1º ciclo será utilizado soamente por estes alumnos, e terán cada curso asignado un lugar. Serán tamén o espazo para realizar o lavado de mans. Hai tamén un aseo adaptado para ser utilizado por alumnado que o precise.

O aseo de comedor será utilizado únicamente no momento do comedor, e baixo condicións excepcionais (non se permitirán a circulación de alumnado no comedor).

O aseo da biblioteca será usado soamente en circunstancias excepcionais, entre os usuarios da biblioteca.



O aseo de zona de música terá un lugar reservado para alumnado da aula específica. Este aseo poderá ser utilizado por alumnado de 6º no momento previo ao comedor.
Na planta alta o aseo de 2º ciclo será utilizado por este alumnado exclusivamente.
O aseo de terceiro ciclo será utilizado por alumnado de 5º, e tamén de 6º no período de sesions lectivas.



Medidas específicas para o alumnado dos dous primeiros cursos de primaria

Este alumnado parte dunha disposición de aula individual, con mesas dobles.
En determinados momentos da actividade pedagóxica precisarán facer agrupamentos. Neste caso realizaranse grupos estables, que serán comunicados ao equipo covid, xunto coa nova disposición de espazos. Estos grupos serán constantes, e manterán unha separación posible cos outros grupos.
Procurarase no posible que non compartan material individual.
Nesta etapa educativa adicarase todo o tempo necesario para os hábitos relacionados coas rutinas ordinarias e as relacionadas coa seguridade, e poderán organizarse visitas ao baño ordeadamente, sen necesidade de petición previa, que eviten aglomeracións nese lugar.

Normas específicas para alumnado de NEE

Con carácter xeral, mantéñense as catro medidas fundamentais na prevención do coronavirus: Uso de máscara de protección, incremento da hixiene de mans ata un mínimo de 5 veces ao día, manter a distancia establecida de forma xenérica de 1 metro e medio, e potenciación da ventilación dos espazos pechados.

Específicamente destacanos as seguintes medidas específicas.

1.- O/a alumno/a utilizará a máscara cirúrxica ou hixienica que cumpra coa normativa UNE. Se non fose posible o uso, manterase un cumprimento estrito da distancia de seguridade.

2.- Se non é posible o pto 1 hai que extremar as precaucións de hixiene de mans, e utilización de máscara cirurxica ou textil co marcado UNE, xunto coa recomendación da utilización da pantalla.

3.- Nos restantes casos manterase unha distancia de 1,5 metros de forma xenérica nas interacións co resto do persoal e alumnado, se non se pudiese complementaríase coa utilización de mamparas de separación entre os escritorios.

4.- No caso de facer uso doutros elementos educativos (colchonetas, elementos de estimulación sensorial...) procederá á ventilación posterior da sala e limpeza con solucións virucidas aprobados polo Ministerio das superficies utilizadas.

5.- O alumnado ACNEE formará gurpo de convivencia estable coa aula á que pertence. Nos casos de alumnado en escolarización combinada o alumnado formará grupo de convivencia estable coas aulas ás que lle correspondan tanto nun mesmo centro como en centros diferentes.

6.- Garantirase a accesibilidade comunicativa a través da cartelería con pictogramas, así como adaptando a información con imaxes e lectura fácil.

7.- O profesorado e personal non docente que interacciona co alumnado NEE que non é capaz de aguantar coa mascarilla toda a xornada, nin é capaz de respetar a distancia mínima de seguridade contará dende o centro con mascarillas FFP2 con normativa UNE.

8.- O alumnado con necesidade especiais tera prioridade nas entradas e saídas do centro educativo. Cando sexa necesario, o/a alumno/a será acompañado por persoal do centro educativo.

9.- Nas sesións de Audición e Linguaxe farase uso de máscaras transparentes tanto o alumnado como a docente, hixiene de mans e ventilación dos espazos duns 10-15 minutos tras cada sesión. Ademais contan con mamparas de separación.

10.- Extremaranse as medidas de hixiene nos comedores escolares, especialmente por parte do persoal que atende ao alumnado sen autonomía na alimentación. O persoal coidador dispondrá dunha mascarilla FFP2 con normativa UNE.

11.- Prestarase especial atención á hixienización dos agarres das cadeiras de rodas, que poden ser manipulados por diferentes persoas do centro.

12.- No caso do alumnado en escolarización combinada, os días de permanencia en cada centro son continuados para facilitar a trazabilidade epidemiolóxica.

Previsións específicas para o profesorado

Cada profesor e coidador disporá dun kit hixiénico persoal que utilizará cando o precise. Este kit contará con mascarillas cirúrxicas, e una bote con xel hidroalcohólico.

Como se dixo no punto máis arriba o profesorado e persoal non docente que está en contacto con alumnado que non é capaz de estar todo a xornada lectiva con mascarilla contaran con mascarillas FFP2.

Coidará en todo momento nas súas clases manter a distancia de seguridade co alumnado, e particularmente o profesorado especialista que incide en varios grupos.

Nas reunións entre profesorado buscarase o lugar máis apropiado, podendo ser calquera espacio do centro que reúna condicións.

Para as reunións de Claustro, tentarase facelas telemáticas ou cando menos mixtas, establecendo na sala de profesores un aforo máximo de 15, que non admite a totalidade do Claustro.

Os equipos informáticos a disposición do profesorado terán un distintivo que indique se está ou non desinfectados. Cada profesor que utilicen deberá desinfectar posteriormente para poder se utilizado por outro.

Cada profesor procurará sempre utilizar o mesmo lugar na sala.

O uso da cafetera implica a desinfección dos elementos de contacto. Non se permite poñer tazas persoais na bandexa común. Serán gardadas no espacio privado de cada profesor.

Medidas de carácter formativo e pedagóxico.

O equipo Covid ten tamén como función fomentar a formación entre a comunidade sobre a prevención e hixiene, e ocuparase de que continuamente e de forma transversal se forme ao alumnado no coñecemento e sobre todo nos hábitos para interiorizar todas as medidas de seguridade.

Na web do centro haberá unha sección específica na que se publicarán frecuentemente informacións, propostas, actividades, relacionadas co tema.

O espazo web do centro será ferramenta común a todos os niveis educativos, empregándose o a plataforma EDIXGAL en 5º e 6º, e a aula virtual nos demáis niveis. O equipo TICs do centro axudará e asesorará ao resto do profesorado que o precise para dinamizar este ámbito.

No suposto de cuarentena individual, dalgunha clase ou do centro enteiro, a actividade lectiva levarase paralelamente a través da formación online, tendo en conta:

En tódolos cursos utilízase a plataforma da aula virtual, na que se van colgando contidos e propostas de tarefas que permiten a actividade lectiva cando non hai presencialidade.

Nos cursos de 5º e 6º a ferramenta virtual principal será a plataforma EDIXGAL, sendo a aula virtual un recurso complementario.

Os mestres e mestras titores coordinarán en cada caso a distribución de tarefas de tódalas áreas, para evitar saturación, e procurarase adaptar esta coordinación no posible ao horario presencial.

Nos casos de falta de recursos esenciais na casa (conexión a internet ou dispositivo dixital axeitado) habilitarase a maneira posible de comunicación coa familia, para indicarlles tarefas a realizar.

A plataforma de mensaxería abalar utilizarase tamen como instrumento de comunicación directa profesor/familia e centro/familia.

Este documento, así como as súas posibles incorporacións ou modificacións, estará permanentemente a disposición da comunidade educativa a través da páxina web.

Equipo COVID do CEP Pedro Caselles

Versión do documento: 20/10/2020